

«De pequeno quería ser enxeñeiro de camiños»

Elisa Gestal/Lidia Remuía
ORDES| Actualmente é coñecido grazas a *Padre Casares*, que está a ter unha chea de seguidores. Tacho González pensa que o éxito é un misterio, pero que ten moito que ver co traballo dos actores, que ser fan bastante próximos ao público. «Ademais —di— as historias son moi realistas, aínda que ás veces esaxeradas. Creo que é divertida».

—Xa van pola cuarta tempada, cantas máis cre que se poden emitir?

—Chega un momento no que hai que ir pensando en parar, o público abúrrese, non lle imos estar dando todo o tempo *Padre Casares*. Eu penso que un par de tempadas máis aínda pode aguantar.

—Nesta serie interpreta a Sindo, un home que é dominado pola súa muller. Pensa que na realidade as mulleres son dominantes?

—Penso que si, sempre digo que é peor na vida real, xa que o de Sindo é mentira.

—Neste intre está traballando nalgún outro proxecto ademais da serie?

—De momento teño bastante con *Padre Casares* e coa dobraxe, que é a actividade á que me dedico dende hai moitos anos. Se aparece algunha oportunidade de facer algunha película, pois será benvinda. Pero eu prefiro ir facendo as cousas con calma e facelas o mellor posible.

—Ao ter tanto traballo, ten tempo para a súa familia ou para ocio?

—Que remedio me queda, senón peor aínda que



A primeira experiencia de Tacho coas cámaras foi nun caixairo |E.PAN

Sindiño. Entón si que me botan da casa. Para ocio

non todo o que quixera, pero para a familia teño que buscar o tempo como sexa.

—É moi duro estar boa parte do día metido entre as cámaras?

—O das cámaras non é o peor, penso que o peor é estar concentrado, metido nunha sala na que non sabes se é día ou é noite. Cando estás gravando en exteriores é moi divertido, a actividade é máis amena, máis entretida. Pero cando estás nun plató ou nunha sala de gravación de dobraxe, chega un momento en que se che fai pequeno, necesitas ir ver como é o día, ver se chove, se vai sol, necesitas ver o mundo exterior.

—Cantos personaxes dobrou ao longo da súa filmografía?

—A verdade é que non sei, perdín a conta, lembro algúns aos que lles teño especial cariño como a James Stewart, ao pato Lucas, ao oso Yogui, a Shrek... Pero a verdade é que non sabería dicirche cantos dobrei.

—Cal foi para vostede o papel máis complicado que tivo que interpretar?

—Penso que o que tes diante en cada momento. Quizais o máis

difícil foi unha rodaxe que tiven que facer en inglés, xa que non é un idioma que domine, e iso supuxo un traballo extra de memorización. Ao mellor sabía máis de memoria o texto en inglés, porque como non tiña tantos recursos como no galego ou no castelán para improvisar, tiña que levar moito máis sabido.

—Sempre se di que é moi difícil chorar na televisión, vostede ten algún truco para facelo?

—Ultimamente les un xornal e xa te botas a chorar sen pensar moito, só coas primeiras páxinas, é cuestión de buscar a situación, o momento, os recursos na túa memoria...

—Dende pequeno xa tiña claro que se quería dedicar ao mundo da televisión?

—Eu de pequeno quería ser enxeñeiro de camiños, pero a cousa cambiou polo camiño.

De casualidade estaba no momento oportuno e no lugar oportuno. Había unhas probas e dixéronme que me presentara pero a miña experiencia previa coas cámaras fora nun caixeiro automático.